

PROPOSTA DE TÍTULOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(Consello de Goberno do 14/2/08)

Coa finalidade de presentar dentro do prazo establecido polo Consejo de Universidades a oferta de títulos de grao pola Universidade da Coruña para o curso 2008/09, o Consello Galego de Universidades aprobou no pleno do 5 de novembro de 2007 as **Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia**. A Universidade da Coruña, na sesión do Consello de Goberno do 23 de novembro de 2007, aprobou as **Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao**. Seguindo o calendario establecido o Consello de Goberno deberá aprobar as propostas, se proceder, antes do 15 de febreiro.

As propostas presentadas son:

- Título de Grao en Terapia Ocupacional pola Universidade da Coruña
- Título de Grao en Socioloxía pola Universidade da Coruña

Ambas as dúas cumpriron co que establecen as directrices aprobadas pola UDC, pasando polas fases de divulgación, audiencia pública e aprobación da proposta pola correspondente xunta de centro.

Ambas as propostas foron avaliadas por avaliadores externos propostos pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego. Coñecidos os informes, foron enviados aos respectivos centros para o seu estudo e incorporación ás propostas, de considerarse necesario.

As dúas propostas recibiron varias cartas de apoio de institucións e colexios profesionais externos a UDC.

O día 6 de febreiro a Comisión de Planos de Estudos reuníuse en sesión extraordinaria para valorar as propostas presentadas e as alegacións. Nesa sesión, a proposta de Título de Grao en Terapia Ocupacional pola Universidade da Coruña e a proposta de Grao en Socioloxía pola Universidade da Coruña obtiveron os informes favorables.

Achégase a seguinte documentación para os membros do Consello de Goberno:

1. Alegacións presentadas ás propostas.
2. Informes dos acordos das xuntas de centro relativos as alegacións presentadas.
3. Debido ao volume dos documentos presentados, non se envían en papel. Toda a

información relativa as dúas propostas está dispoñible nas seguintes direccións electrónicas:

- **Grao en Terapia Ocupacional:**

https://campusvirtual.udc.es/guiadocente/guia_docent/index.php?centre=653

- **Grao en Socioloxía:**

https://campusvirtual.udc.es/guiadocente/guia_docent/index.php?centre=615

A Coruña, 6 de febreiro de 2008

Ana Dorotea Tarrío Tobar

Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións